

XIV Concurso de solistas 2018/19



BASES

- Conservatorio Profesional de Música da Coruña convoca o XIII Concurso de Solistas. O obxecto da proba de selección é dar a posibilidade aos alumnos/as do conservatorio de tocar unha obra en concerto como solistas acompañados polas agrupacións do centro (Banda Xuvenil, Banda Sinfónica, Orquestra Xuvenil e Orquestra Sinfónica).
- O prazo de inscrición realizarase na secretaría do centro. Iniciarase do día 14 de ata o 29 de xaneiro. A inscrición implica a aceptación das bases do concurso.
- Poderán participar os alumnos matriculados no Grao Profesional no presente curso 2018-19 agás os gañadores da edición anterior.
- Os participantes solicitarán a inscrición nas agrupacións ás que desexen presentarse coa autorización do titor (máximo dúas), agás os alumnos de 5º e 6º curso que unicamente poderán inscribirse na Orquestra Sinfónica e na Banda Sinfónica.
- Para participar os concursantes deberán presentar un movemento da obra obrigada. A duración aproximada será de dez minutos.
- O Concurso de Solistas constará de dúas fases.
- Na primeira fase, sen acompañamento de piano, cada departamento escollerá internamente os alumnos. Esta primeira proba realizarase entre os días 5 e 6 de febreiro na Sala de Cámara en horario de mañá.
- Na fase final os candidatos preseleccionados polos departamentos concorrerán a unha proba na que se interpretará a obra obrigada con acompañamento de Piano. Esta segunda proba realizarase o 26 de marzo no Auditorio en horario de mañá. Os participantes deberán entregar tres copias ó tribunal da parte de piano da obra.
- Non se poderá presentar o mesmo repertorio para dúas agrupacións .
- Os tribunais da fase final estarán constituídos polo director do conservatorio, os directores das agrupacións e outros profesores do centro. A decisión do tribunal será inapelable.
- Os tribunais elixiran a dous alumnos (como máximo) por agrupación.
- No caso de ser seleccionado para dous agrupacións o alumno elixirá unha.
- Os alumnos/as seleccionados participarán como solistas nos concertos do final do curso actual.

A Coruña, 11 de Xaneiro de 2019